

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 27 | MARZO 2011

EUROPA SEMPRE LLE DECLAROU A GUERRA A ÁFRICA

Cando os procesos revolucionarios ameazaron con estenderse por eses mundos, había que procurar unha xustificación para intervir



Reflexións desde a escura idade

XABIER RON
Consello
Editorial de
Altermundo

1. A democracia representativa occidental xa leva tempo naufragando. As probas son abundantes, sobre todo desde a década dos anos 80 do século XX.

Mais, a voracidade depredadora do sistema acelerou o seu proceso destrutivo coa entrada no século XXI.

Houbo unha traizón aos ideais obreiros, aos ideais emancipadores, aos ideais da fraternidade e da solidariedade, e a igualdade desapareceu do horizonte inmediato, permanecendo como unha palabra comodín para discursos baleiros de contido.

Nestes 11 anos de século XXI, que coinciden coa salvaxe crise que azouta ás clases traballadoras de todos os países do mundo, a traizón consumouse coa proclamación desde os órganos representativos da Europa-Mercado-Fortaleza, xa conquistados polas dereitas económicas –que son os autores da traizón, que renunciaron ao seu programa reformista, keinesiano, de facer crer nunha cara amable e humana do capitalismo– e sociais –os da dereita de sempre, agora escoltados pola extrema-dereita– de leis e programas contrarios aos dereitos humanos, aos dereitos da clase traballadora.

2. O comportamento de Europa, das potencias occidentais en África sempre foi destrutivo. E deixou fóra do rango de análise os tempos do colonialismo e da escravitude. Quedarei no que acontece hoxe, cando, ao mesmo tempo que non anulan a débeda externa, consuman “acordos” que esnaquizaban as posibilidades endóxeas deses pobos de saír cara adiante.

A agricultura, os recursos primarios de todo tipo, quedan a expensas dos acordos de “cooperación”, que só son pretextos para:

a) converter o norte de África no xendarme migratorio de Europa;



b) converter algúns países africanos en lixeiros de Europa e demais potencias (EUA e China): Ghana é o vertedoiro dos computadores que non queren Europa-EUA e as duras

EUROPA NON QUERE ENTENDER AO MUNDO AFRICANO, NIN AO ÁRABE. QUERE SOMETELO

condicións nas que traballan as persoas que extraen os materiais válidos –e tóxicos– son fonte de doenzas de diversa índole; Nixeria padece a permanente contaminación petrolreira da Royal Dutch Shell; etc.

c) dominar aos gobernos, mudándoos en aliados e monicreques para favorecer os intereses das potencias occidentais;

d) permitir o asentamento e o monopolio das multinacionais oc-

cidentais: por exemplo, un reducido feixe de empresas –Cargill, ADM, Monsanto, Dreyfuss, Bungue– domina o 80 por cento da produción e comercio de sementes –soia, millo, trigo, arroz–; o petróleo e o gas –o AFRICOM, creado por EUA, procura, baixo pretexto da guerra contra o terrorismo, garantir o control ideolóxico e o abastecemento de petróleo–; os diamantes –guerras de Serra Leoa e Liberia); a pesca; etc.

Puro neocolonialismo. Pura devastación da soberanía, da seguridade alimentar e da autosustentabilidade dos pobos africanos. Millóns de africanos, que eran pequenos labregos e pequenas labregas, quen de vivir con autosuficiencia, por mor das políticas neoliberais víronse forzados a deixar o seu modo de vida e a migrar. O 46 por cento da poboación africana (mal)vive con menos de un dólar ao día –vid. Miguel Giribets, *El saqueo de África. Algunas claves para entender lo que pasa*, marzo 2011, descargable no portal Rebelión.org.

Tal como di Gigirets (páx. 8), un 60 por cento das colleitas de trigo e outros cereais está sometido ao control de fondos de investimento especuladores. O perigo tamén provén de destinar as colleitas de millo, por exemplo, á produción de biocombustible para os países capitalistas. E temos que engadir, por riba, que para esta produción as terras deixan de ser dos campesiños e son incorporadas ao patrimonio das multinacionais –entre o 2004 e o 2009, 2,5 millóns de hectáreas foron adquiridas en 5 países africanos. Os labregos e labregas empobrecidas ollan como as súas terras, en mans alleas, producen alimentos dos que non verán nada. A crise alimentar sae, entre outros aspectos, de todo isto que relatamos. E estourará levando por diante, como xa o está facendo, a millóns de persoas.

3. Si. Europa sempre lle declarou a guerra a África. A fame é a manifestación máis visible desa guerra. Algúns cálculos falan de 854 millóns de persoas famentas no 2008, hoxe,

tres anos despois, son 1.000 millóns. A maior parte, en África.

O Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, a Organización Mundial para o Comercio, a dolorosa tríade neoliberal chantaxea aos países empobrecidos, grazas á complicidade occidental, e obriga á liberalización dos mercados, á desregulación das normas de intercambio, á privatización do sector público, á redución dos orzamentos nacionais e, xa que logo, ao desmantelamento da protección social das persoas. E iso, xa acontece tamén no Primeiro Mundo. En todos os mundos posibles deste planeta onde goberne o maldito capital.

4. Europa non quere entender ao mundo africano, nin ao árabe. Quere sometelo. En nome do noso insustentable modo de vida, depredador e insolidario. Por iso, cando os procesos revolucionarios, máis ou menos espontáneos, ameazaron con estenderse por eses mundos, había que procurar unha xustificación para intervir. En efecto, poderían estar tranquilos os dirixentes capitalistas do mundo occidental ante unha posible nacionalización dos recursos enerxéticos coma o petróleo o o gas? Ante unha perda da presenza nese espazo?

5. A guerra de Libia é a perfecta demostración do capitalismo: mentres lle sexas rendible, incuestionable na balanza de beneficios, serás un bo amigo, mesmo entregándolle armas, devolvéndolle inmigrantes doutros países sen garantías, ou negociando petróleo e gas. Porén, cando interese, por motivos de maior rendibilidade, irán a por ti e farán unha guerra “humanitaria”. Noutras latitudes morren moitas máis persoas desde hai décadas: Congo, Birmania, por exemplo; noutras, permitiuse un golpe de Estado e recoñecéuse ao vencedor dunhas eleccións fraudulentas (Honduras); e noutras permítese que o goberno-amigo oprima pobos e esnaquice os seus dereitos de autodeterminación (Sáhara, Palestina). Pero nesas latitudes nin sequera se exerceron accións diplomáticas. Déixase facer. ●



AÍNDA ESTAMOS A TEMPO



RICARDO GOMES
Activista antinuclearista portugués

A moi recente catástrofe nuclear no Xapón volveu levantar a pantasma dos perigos evidentes deste tipo de enerxía e debería tamén facer ampliar o noso abano de críticas, nomeadamente na cuestión das enerxías e da xestión de recursos. E neste sentido é importante lembrar repetidamente que a fin do petróleo é algo cada vez máis innegábel por moito que moita xente asubíe para outro lado. É comprensíbel que para moitas persoas os transportes movidos por combustíbeis fósiles sexan a "única" forma de asegurar a supervivencia, mais tamén temos que ser conscientes de que –asumámolo– teñen os días contados.

Neste sentido, a medida que o capitalismo nos impón evolucións tecnolóxicas a un ritmo vertixinoso, que o planeta non logra soportar, temos que parar a pensar. A pensar nas enerxías "alternativas" que este mesmo sistema nos propón, que nos oferta do seu propio sangue para curar as feridas. Biocombustíbeis, automóbiles eléctricos, etc... son só xeitos de ofertar máis veneno envurullado en papel verde para nos descansar a conciencia.



Outra fórmula velenosa foi a do desenvolvemento sustentábel.

Concepto curioso este que me fai pensar onde é que se pon en dúbida a lóxica suicida do capitalismo. No canto de tomar o frasco de cicuta só tomo medio e o impacto negativo é menor. Nesta lóxica aparece a liña de alta velocidade ferroviaria, que se presenta como unha so-

lución e alternativa ao contaminante avión, mais que non ofrece ningunha alternativa á lóxica do crecemento infinito que esgota os finitos recursos naturais do planeta.

Só algúns conceptos que nos deben facer pensar. En calquera estrutura de liña ferroviaria como esta, todo o que vén implicado na construción deixa unha

débeda ecolóxica de cerca de oitenta anos. Quere dicir que o impacto deixado pola infraestrutura é demasiado grande para o considerarmos rendíbel baixo calquera punto de vista.

No seu traxecto, o tren de alta velocidade gasta nove veces máis enerxía que o tren normal. E non esquecendo as cuestións sociais, preguntemos a

quen serve este tren. Estamos a falar de cartos públicos –considero os fondos europeos como tales– que financiarán un medio de transporte destinado a servir a executivos que só teñen presa para executar os seus negocios de xeito máis eficiente. Pois do resto, nun país precario non vexo quen poida pagar prezos tan absurdos como os que se aveciñan. Máis económico, por agora, fica o contaminante avión.

Finalmente, e regresando ao inicio do texto. Aínda estamos a tempo de cuestionármolos moitas cousas mentres se volve levantar unha terríbel pantasma no referente á enerxía que move o TGV (AVE). Esta é a miña dúbida: de onde é que imos sacar enerxía para mover este monstro ferroviario? E aló, camiño de Badaxoz vexo o ondular de moitas bandeiras do anti-nuclear, de loitas pasadas que se poderán reacender. Alí mesmo está a central nuclear de Almaraz, moi útil para pór en marcha este tren que esperamos non nos traia máis desgustos... ●

•INFO: esquerda.net

PROGRESISTAS DE SALÓN



XOÁN HERMIDA
Galizia Ecosocialista. Consello Editorial de Altermundo

"A diferenza entre un revolucionario e un esquerdistista na intervención política e a mesma existente entre o coito e a masturbación" [Rodney Arismendi. Histórico comunista Uruguai]

O primeiro 'progresista de salón' documentado na historia contemporánea foi un tal Friedrich Engels, ese fillo da burguesía industrial que malgastaba os beneficios das empresas familiares para financiar de xeito altruísta a un tal Karl Marx; outro 'progresista de salón' ou ben poderíamos dicir 'progresista de biblioteca' –que aínda é peor!–, que se adicaba a estudar e a ler para desenvolver a análise científica máis completa que temos do sistema no que nos tocou vivir e para elaborar a 'filosofía da praxe' que ten xerado falsas esperanzas a millóns de seres pensando que era posible saír da extrema pobreza e da ignominia.

Pero xa existían precedentes cincuenta e nove anos antes de que estes dous 'progres de salón' escribieran un manifesto que cambiou o rumbo da historia. Non debemos esquecer que outros precursores deste estilo do progresismo de salón como Marat ou Danton tiveron a ousadía de facer a maior revolución da historia pola maña e darse baños 'cheirosos' pola tarde namentres escribían os seus escritos.

Pero non remata aquí esta caste de 'progres de salón'. A

principios do século pasado a outro grupo desta ralea se lle ocorreu enganar ás masas para cargarse a tiranía do Zar Nicolás II, que xa se sabe que non era un 'progre de salón'. Estes tipos que están documentados con nomes tan de salón como Trotski, Kamenev, Zinoviev, Kollontai ou Bujarin, liderados por un dos 'progres de salón' máis perigosos –un tal Lenin– que namentres no cambio finisecular algúns activistas esquerdistas querían levar adiante unha revolución obreira nun país agrario, este tipo frecuentaba cenáculos e bibliotecas alemáns pensando en como modificar a realidade partindo dela (increíbel!).

Pero houbo máis. Na Alemaña de inicios do século XX unha tal Rosa Luxemburg e un tal Karl Liebknecht, tamén se adicaron a frecuentar salóns, menos mal que o obreiro e socialdemócrata Gustav Noske, apoiado polos pistoleiros dos Freikorps, liberaron a Alemaña desa caste.

A historia esta ateigada de 'progres de salón' de clase media que habitualmente pululan pola historia distorsionando o verdadeiro imaxinario da clase obreira. En Europa Georg Lukács ou Max Horkheimer. En América Ernesto Guevara ou José Carlos Mariátegui e mesmo en África ou Asia temos coñecemento dun tal Ho Chi Minh (poeta!) ou de Nel-

son Mandela. Neste último caso o goberno surafricano coñecedor do gusto polos salóns enviouno 27 anos a un salón privado na residencia 'Robben Island'

E non pensedes que a nosa terra escapa a esa caterva. Aquí poderíamos definiilos como 'señoritos' e hai unha longa tradición que vai de Castelao a Beiras.

A min esa xente aburguesada non me gusta nada. Non son fillos directos da clase obreira, teñen os seus vicios inconfesables e sobre todo –e isto é o que máis me amola– teñen 'a funesta manía de pensar'. Son fillos da ilustración e de Satanás –por exemplo o anteriormente citado Karl Marx non se lle ocorreu mellor idea que formar parte dun club chamado 'amigos da esmorga'.

Eu fíome máis da esquerda 'auténtica'. Non precisa ler para saber, non necesita pensar para actuar, e sobre todo é coherente en todo momento. Saben o que hai que facer sen vacilar. Son un exemplo a seguir.

Sei que hai teorías por aí que afirman que estas persoas traballan indirectamente a favor dos intereses dos máis poderosos. Mesmo insinúan que algúns directamente é a soldo. Que grande mentira!

Simplemente son xente de principios:

- Son fillos da clase obreira e saben xestionar os seus recursos.

A diferenza dos 'progres de salón' que malgastan o seu patrimonio familiar –e nalgún caso mesmo acaban na pobreza–, estes empezan de pobres e acaban atesourando grandes fortunas.

- Teñen unha moralidade que roza o estoicismo. Nada que ver coas tendencias libertinas dos

AQUÍ PODERIAMOS DEFINILOS COMO 'SEÑORITOS' E HAI UNHA LONGA TRADICIÓN QUE VAI DE CASTELAO A BEIRAS

'progres de salón' que se divirten, fornican e gozan das relacións humanas.

- Son defensores da familia. Colocan aos seus parentes en postos clave cando están no goberno ou en organizacións sindicais e partidarias cando aínda están na oposición. Iso que algúns chaman nepotismo eu creo que amosa un claro exemplo de lealdade e de compromiso.

- Están sempre alerta na tarefa da limpeza revolucionaria. Todos sabemos cantos arribistas, fofos e 'progres de salón' se unen aos movementos para desviarlos da súa misión emancipado-

ra, por iso é necesario estar alerta, expulsar, difamar e denigrar ao 'disidente' –mesmo se fai falla cun piolet que se encontre a man. Posteriormente perpetúan as revolucións a un baixo custe de aniquilar a milleiros de compatriotas.

- Son escolásticos –e isto a min particularmente é o que me gusta máis. Non se deixan persuadir pola lectura directa e miúda, prefiren usar un catecismo 'ideolóxico' que conteña tódalas receitas para un mundo mellor aínda que nel se citen algúns profetas que no seu momento foron tachados de 'progres de salón'. Xa todos sabemos que as conversións como as de Saulo de Tarso camiño de Damasco ou do libertino Agostiño de Hipona son posibles, sempre e cando as recoñeza a doutrina oficial e expiren os seus pecados.

Por favor! Persoas decentes e honestas, escapade deses 'progres de salón', hoxe camuflados en ONGs ou grupos ecoloxistas, que o único que perseguen é confundirvos con complicadas interpretacións e análises.

Sempre será mellor un fascista coñecido que un 'progre de salón' por coñecer.

E por favor nada de contacto físico con eles. Son luxuriosos. Mesmo aman aos 'animais non humanos'. De seguro que practican a zoolofilia. ●



CANDO FAREMOS AS COUSAS BEN?

Libia responde aos aliados coas armas que estes lle venderon



FUNDACIÓ
PER LA PAU

Dende a Fundació per la Pau vivimos con ilusión, ledicia e esperanza as revoltas cidadás de Tunisia ou Exipto e que, en menor grao, tamén se manifestaron e maniféstanse no Iemen, Siria, Bahrein, Marrocos, Alxeria ou Palestina.

Estas revoltas mostráronnos unha cidadanía que non se resigna a ser espectadora da súa vida e que dixo que xa abonda a uns poderes corruptos e autoritarios que, co apoio indigno de boa parte da comunidade internacional, menosprezaron e ignoraron sistematicamente os seus anhelos, desexos e necesidades.

Libia, o terceiro país en orde da onda democratizadora no mundo árabe, presenta dende hai semanas unha evolución preocupante. O réxime libio enrocouse e usou parte do exército contra a poboación. Unhas forzas rebeldes armadas reaccionaron e estabamos a un paso do aplastamento da revolta por parte de Gaddafi ou ben da guerra civil.

Perante isto, o ataque militar deseñado por uns cantos países occidentais, cun certo aval da Liga Árabe e a cobertura lexislativa das Nacións Unidas, presentóusenos como a única saída.

Dinnos que o ataque militar é unha simple operación puntual. Pero demasiado a miúdo vimos como accións deste tipo acabaron supondo máis violencia e sufrimento e, finalmente, unha intensificación do problema que se pretendía resolver. Demasiadas experiencias históricas nos lembran que a violencia non serve para resolver os conflitos.

O ataque é fillo dunha cultura

da violencia que, á vez, a consolida e a xustifica facendo así aínda máis difícil o xurdimento dunha nova cultura de paz, fundamentada no diálogo, a nonviolencia, o acordo, a resolución de conflitos, etc.

Creemos que sempre é posíbel atopar vías que, se cadra máis lentas, rematan sendo máis efectivas que a militar á hora de protexer e defender dereitos e democracia. Porén, se realmente todo isto fose inviábel, se realmente a intervención militar fose a única opción, deberíase ter moi presente todo o seguinte:

Moitos dos problemas que queremos resolver coa cultura de violencia son fillos dun modelo inxusto e militarista que, até que non o mudemos, continuarán xerando novos conflitos e novas traxedias humanitarias. Sabémolo, xa que logo non cambialo é cínico ou obtuso.

Neste sentido, cómpre preguntar:

- Por que a maioría de potencias democráticas acompañaron e protexeron réximes corruptos e autoritarios e líderes represores e megalómanos? Exportar a democracia non pasa, precisamente, por montar guerras senón por practicala día a día, deixando claro a réximes que vulneran os dereitos humanos que non teñen lugar nun mundo que debe fundamentarse no respecto á dignidade humana.

- Por que, en lugar de avanzar cara a un desarmamento progresivo ou, como mínimo, crear un bo instrumento que regulamente o comercio de armas, as potencias democráticas lanzáron-



se, tras o levantamento do embargo en Libia, a unha carreira feroz para ver quen vendía máis armas ao réxime? Non era evidente, e o suficiente coñecido e visíbel para todo o mundo, que Gaddafi era un líder afastado da concepción democrática e os dereitos humanos? Non foi profundamente irresponsábel venderlle armas? Non é escandaloso ver como as armas vendidas a tantos e tantos réximes despóticos serviron finalmente para masacrar as poboacións que reclaman democracia, os supostos valores nos que se sustenta Europa e os países democráticos? Por que, dunha vez por todas, os princi-

pais países do mundo non abordan a regulación mundial do comercio de armas baixo parámetros de sentido común, estritos e contundentes (non vender armas a países en guerra, a réximes ditatoriais, a países que vulneran os dereitos humanos, etc.)?

- Non é profundamente cínico, ou unha demostración palpábel dunha incapacidade absoluta para gobernar, organizar unha intervención militar para aplacar un déspota ao cal previamente alimentaches, armado e mequeiro, cando usa a súa forza e, por mor dos favores prestados, crese no dereito de facelo sen o menor asomo de miramento?

Indígnanos profundamente o sufrimento que día tras día, ano tras ano, sofren millóns de persoas en calquera parte do mundo, froito dunha severa inxustiza e dunha descontrolada violencia. Escandalízanos que, a pesar de reclamálo constantemente, boa parte dos gobernos, os organismos mundiais, os actores económicos máis influentes e os grandes medios de comunicación, non acaban de abonar, priorizar e impulsar os cambios imprescindíbeis para obter un mundo máis digno para todas e todos.


E é insultante que, cando froito de todo este cinismo ou se cadra profunda incompetencia, as cousas van mal, entón nos digan que hai que facer intervencións militares e que, tal e como xa se apresurou vergoñosamente a dicir a OTAN, cómpre dedicar máis cartos ao gasto militar –máis aínda?– para poder intervir por todas partes e onde sexa necesario.

Manifestámonos, non agora, senón dende sempre, radicalmente xunto ás persoas, as organizacións, as sociedades, os países e as rexións do planeta que reclaman dignidade, xustiza, liberdade e respecto aos dereitos humanos. En Libia, e en todas partes.

E temos moi claro que, para conseguilo, non fai falta montar intervencións militares senón comezar a priorizar, de xeito serio e responsábel, unha política activa de fomento da cultura de paz, a xustiza, o respecto aos dereitos humanos e a profundización democrática. Non facelo é irresponsábel, inepto ou unha simple operación de distracción e confusión.

Cando comecemos a facer as cousas ben? ●

CATRO REFLEXIÓNS SOBRE OS ATAQUES EN LIBIA



TONI VIADER
Membro da
Fundació per
La Pau

Quixera engadir ao debate sobre a intervención militar en Libia catro ideas:

- Coma sempre, enganáronnos para poder comezar o ataque, agachando a súa importancia. Cando os gobernos falaban de facer unha exclusión aérea, parecía que isto non comportaba bombardear nada nin a ninguén. Daba a impresión de que era unha cousa técnica e, como moito, de que habería avións militares patrullando

o ceo para impedir bombardeos por parte de Gaddafi. Agora vemos que hai bombardeos, danos colaterais, vítimas civís e destrución en xeral.

- Todo foi tan rápido, que os cidadáns non estamos reaccionando a tempo. A diferenza da guerra de Iraq, onde convencer á comunidade internacional levou moito tempo ao goberno dos Estados Unidos, neste caso, todo foi moi rápido. Non nos decatamos e xa temos o país en guerra de novo. Manifestacións como as de anos atrás piden meses de preparación. Concentracións o pasado fin de semana en Barcelona había tres, por Xapón, contra o racismo e en apoio da democratización do norte de África. Diría que non temos forzas para tanto

traballo nin somos quen de reaccionar sempre tan axiña. Ademais, fai falta información que tampouco temos a tempo.

- Agora que xa parecemos estar nun punto sen retorno, preguntánnos aos pacifistas que debemos facer, cando hai anos que o estamos a dicir: control de armas, redución do gasto militar, fortalecemento da ONU, mudanza no sistema enerxético para non depender do petróleo, repartición xusta da riqueza, fomento da democracia, etc. Se se fixo todo isto, a pregunta “E agora que facemos?” nin sequera se expuxo. Os nosos gobernos levan anos alimentando un lume que agora queren apagar con máis leña. Pirómanos e bombeiros á vez.

- A pesar de todo, non se esgotaron as vías non violentas para solucionar o problema. Cando alguén quere comezar unha guerra, sempre presenta a mesma pregunta tramposa: “Que prefires, non facer nada ou usar a violencia?” Pois hai unha terceira vía: facer uso da nonviolencia. E non é unha afirmación feita dende a inocencia, como o demostra o feito de que até despois da intervención militar non se conxelaron contas a Gaddafi, e que o mesmo día en que comezaron os ataques, Merkel pedía bloquear o comercio de petróleo con Libia. E como estas, hai moitísimas máis, e potentes de máis... Porén, non hai vontade política para facelo. ●

DEBATE ABERTO NA REDE

A Fundació per la Pau é unha ONG nacida o 1983 que traballa por un mundo en paz. A través dunha opinión pública cada vez máis informada e activa, impulsa todos aqueles cambios culturais e estruturais que fagan posíbel a erradicación da violencia como forma de relación entre as persoas e os pobos. Diante da situación en Libia e a intervención militar aprobada pola ONU a fundación propuxo un debate aberto na rede social Twitter, no que se pode participar coa etiqueta #debatlibia. +INFO: www.fundacioperlapau.org





www.yesmagazine.org

ENERXÍA ATÓMICA, UNHA NOVA PROPOSTA

[...] O primeiro temor, provocado polas forzas naturais, foi obra da Nai Natureza, que nos lembrou, dese xeito, o seu poder soberano de premiar ou castigar o noso delicado planeta. O seu eixe agora pende lixeiramente cara a unha nova dirección. Non hai ningún culpábel a quen apuntar co dedo. O accidente nuclear, pola súa banda, foi producido polo Home e envolve responsabilidade humana.

Até que a nosa especie entrou en escea, non había na Terra liberacións considerábeis de enerxía atómica por fusión ou fisión nuclear. Precisouse da man humana para que iso fose introducido nos asuntos terrestres.

A enerxía nuclear é unha tecnoloxía alta e complexa. Mais nela, as cousas que fallan endemicamente son simples. A arte da enerxía nuclear está en ferver auga coa calor incrível xerada pola reacción nuclear en cadea. Mais esas temperaturas necesitan o enfriamento continuo. O enfriamento require bombas. As bombas requiren electricidade convencional. Esas son as partes do proceso que xeralmente fallaN –e que fallaron no Xapón. Desconéctase un xerador de soporte, unha batería se acaba, unha bomba fica sobrecargada. Calquera podería supor que non é difícil bombear auga cara a un grande reservorio, o que xeralmente é verdade. Mais até os planes máis ben pensados desandán de cando en cando. Algunhas veces, a cuestión é un Tsunami, outras,



JENSEN WALKER/GETTY IMAGES FOR SAVE THE CHILDREN

é un operador ao que lle entra o sono na súa quenda. Eses feitos, previsíbeis ou non, afectan a todos os estadios da operación. No Xapón, por exemplo, a industria nuclear ten un bo historial de agachar o núcleo debaixo da alfombra, ao canear regulamentacións de segurancia e cometer violacións de protocolo. Mais que organización burocrática non o fai? E se ese comportamento existe no Xapón, que é tan organizado e eficiente como un país pode ser, en que nación non existiría?

Acontece que cando a burocracia é a administración do tráfico ou do departamento sanitario, equívocos comúns resultan en contratemplos comúns. Mais cando o que está en xogo é a enerxía fundamental do universo, eses equívocos rematan en catástrofe. A cuestión non é a necesidade dun xerador máis de reserva, ou a falta de máis rigor nas normas de seguran-

za, nin que o punto de almacenaxe do lixo nuclear estea nunha localización xeolóxica pouco acaída, nin mesmo que o control da proliferación sexa feble. A cuestión é que como criaturas errantes e imperfeitas que somos, non somos as máis adecuadas para manexar o fogo estelar emitido polo átomo dividido ou fundido. Cando a Natureza demostra súa forza, porque o Home precisa contraatacar? O planeta xa ten forzas de destrución suficientes sen a nosa colaboración. Debemos deixar ese traballo para a Nai Natureza.


Houbo quen suxeriu que, á luz deses últimos acontecementos, deberíamos abandonar a enerxía nuclear. Teño unha proposta distinta, se cadra máis aliñada co tipo peculiar de perigo co que estamos lidando. Imos parar e estudar o asunto. Por canto tempo? Ben. O plutonio, un compoñente do lixo nuclear, ten unha vida media de 24 mil anos, o que significa que a metade del é transformado noutros elementos durante súa descomposición radioactiva. Iso suxire unha escala de tempo. Non estaríamos precipitándonos se a estudásemos por só a metade desa vida media, 12 mil anos. Nese intervalo, podemos, entre outras tarefas, buscar novas formas seguras de se obter enerxía. Quen sabe se daquela xa seremos bastante expertos para usar ben o átomo repartido. ● ["From Hiroshima to Fukushima: Rethinking Atomic Energy". **Jonathan Schell, 16/03/11**]



www.mondialisation.ca

Grecia, un saqueo organizado

[...] A medida que medra o desemprego, que pasou do 9,7% ao 12,9% da poboación activa entre o terceiro trimestre de 2009 e o terceiro trimestre de 2010 -preto do 34% dos menores de 25 anos está no paro-, o pobo segue mobilizándose para protestar contra as medidas ditadas no marco do "consenso" de Washington.



TEACHER DUDE

A política que promove a troika composta polo Fondo Monetario Internacional (FMI), a Comisión Europea (CE) e o Banco Central Europeo (BCE) a cambio de axuda financeira para facer fronte ao pago da débeda pública está á altura daquela que, en 2001, conduciu á Arxentina, alumno modelo do FMI, a unha crise sen parangón. Os medios de comunicación dominantes ocúltanos o orzamento militar grego, que non fai senón agravar o déficit. Con todo, en proporción ao PIB do país, o orzamento militar grego é o máis alto entre os países membros da OTAN se exceptuamos aos Estados Unidos, e en 2009 representaba o 4% do PIB. Será porque os vendedores de armamento como Dassault ou Lagardère, que por certo tamén son donos de imperios mediáticos, prefiren non arriscarse a perder un mercado moi apetecible? [...] ● ["Le FMI épaulé par la Commission européenne organise le pillage de la Grèce". **Jérôme Duval, 28/03/11**]



aconjuradosnescios.blogspot.com

Ninguém olha para o Egipto

[...] É claro que as democracias que vaia haber no Egipto e na Tunísia, se é que imos poder chamá-las assim, não vão ser democráticas: todo o mais, serão como essas democracias operativas que há por toda a parte e nas que as pessoas, com independência dos seus interesses e necessidades próprias, sempre colocarão à sua cabeça um homem (um macho) chamado a velar polos intereses do capital, das empresas e do consumo -que são também (não por acaso) os interesses dos que estão a hoje a invadir a Líbia e antes invadiram o Iraque e o Afeganistão. Os novos governos que vaian aparecer agora deverão ser ferramentas de estabilidade interna e promoção de investimentos estrangeiros -que é a folha de rota de qualquer governo bom, e devem também canalizar o descontento social para um beco sem saída com o fim de que tudo continue na mesma. Ben Ali e Mubarak serviram antes desse mesmo modo, até que a crise alimentar e energética afundi a sua credibilidade e deu azos à oposição popular. Ora, desconfiemos deste surto de dignidade repentino, porque, como bem sabemos, com azos ou sem eles, uma revolução não se produz espontaneamente nem sem dirigentes. [...] ● ["Agora que ninguém olha para o Egipto". **Óscar de Lis, 22/03/11**]



ORB9220

ALAI: alainet.org



VALTER CAMPANATO/ABR

Obama en Brasil... na procura da Amazonia

[...] hai que preguntarse acerca dos obxectivos que persegue a visita de Obama ao Brasil. Observemos primeiro os datos do contexto: desde a inauguración do goberno de Dilma Rousseff a Casa Branca despregou unha enérxica ofensiva tendente a fortalecer a relación bilateral.

[...] En realidade, o que a aquel máis lle interesa como administrador do imperio é avanzar no control da Amazonia. Requisito principal deste proxecto é entorpecer, xa que non pode deter, a crecente coordinación e integración política e económica en curso na rexión [...] ● ["Es la Amazonia, estúpido!". **Atilio Borón, 19/03/11**]

SIN PERMISO: www.sinpermiso.info



LIFE JOURNAL

O pánico da débeda alcanza os Estados Unidos

O Estado federal central estadounidense está espremido e este ano xa non pode contribuír máis. Moitos estados federados atópanse ao bordo da quebra. O FMI e as axencias de cualificación parecen decatarse de que a crise da débeda é moito máis grave nos EUA que na Eurozona: para os orzamentos públicos de 2011-2012 alzouse a marca nun novo endebamento que supón máis do dobre da media do da Unión Europea.

[...] as axencias de cualificación ameazan aos norteamericanos cunha drástica depreciación da súa solvencia. ● ["La época de lo que parecía impensable". **Michael R. Krätke, 23/03/11**]

ALTERMUNDO: www.altermundo.org



Hai concepto de cidadanía nos países árabes?

[...] O que creou tales condicións de emerxencia da cidadanía para resolver situacións é o soño de todos e todas as activistas do mundo. O momento xorde, mais nada acontecerá sen estarmos preparados. Por iso, o activismo constante, crendo na cidadanía, é a única regra. A oportunidade xurdirá, como xurdiu no mundo árabe. Só que os movementos e organizacións sociais da cidadanía non foron sorprendidos naqueles países. O mundo é o que se sorprendeu ao descubrir que existe cidadanía naquel difícil mundo de dominación. ● ["O mundo árabe en mudanza". **Cándido Gryzbowski, 24/03/11**]

ESQUERDA: www.esquerda.net



JOSÉ SENA GOULÃO, LUSA

Portugal: Sócrates non logra impor a vía do FMI

[...] Tras a dimisión de Sócrates, o presidente da CIP apelou a "amplios consensos parlamentares" para unha "solución extraordinaria". [...] Como foi dito no recente debate da moción de censura ao goberno, a clarificación electoral é o mellor xeito de devolver a voz aos cidadáns, xa que ningún votou as políticas do FMI e de Ánxela Merkel para Portugal. Estas eleccións serán a oportunidade para presentar alternativas para vencer o medo. Políticas que respondan ao descontento que encheu as rúas do país o 12 de marzo e que volveu manifestarse o sábado en Lisboa. ● ["O tango não acabou". **Luís Branco, 24/03/11**]